

BANDO

ELECCIÓN XUIZ DE PAZ SUBSTITUTO DO CONCELLO DE OUTES

D. Manuel González López, alcalde do Concello de Outes, recibida notificación do Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº1 de Muros, para proceder á elección de Xuíz de Paz Substituto de Outes, **FAI SABER:**

Pola presente, faise convocatoria pública, durante o prazo de 20 días naturais, desde a publicación deste anuncio, para que cantas persoas interesadas, poidan presentar a súa solicitude de participación no proceso de elección de Xuíz de Paz Substituto.

Poderán ser aspirantes calquera persoa maior de idade que, aínda non sendo licenciada en dereito, reúna o resto de requisitos establecidos, non se atopen incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade, previstas nos artigos 389 e seguintes da Lei orgánica do Poder Xudicial.

As solicitudes presentaranse no rexistro municipal do Concello de Outes ou mediante a sede electrónica, durante o prazo indicado, xunto coa seguinte documentación:

1. Solicitude debidamente cuberta.
2. Copia do DNI
3. Declaración xurada de non estar incurso/a en causa de incompatibilidade e, no caso de ser avogados/as en exercicio, compromiso expreso de abandonar o exercicio se fosen nombrados/as.
4. Certificado negativo de antecedentes penais.

Faise público para xeral coñecemento, con publicación no taboleiro de anuncios da casa consistorial e na páxina web.

O alcalde,
Manuel Gonzalez López

